

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE XULLO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a oito de xullo de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as nove horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 3 de xullo de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Gandeiría Coto S.C.

ANTECEDENTES

1. Don Xabier Vázquez Pardo, con DNI núm. [REDACTED], na representación que ostenta como administrador solidario da sociedade GANDEIRÍA COTO S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Saborín, parroquia de Vilela,

2. A citada sociedade civil foi constituída por documento privado subscrito en data 1 de agosto de 2007. Foi elevado a público mediante escritura pública outorgada ante o notario de Chantada (Lugo) Don Ignacio Javier Boisán Cañamero en data 15 de abril de 2008 (protocolo núm. [REDACTED]), e está integrada na actualidade por Don Miguel Vázquez Prieto (DNI núm. [REDACTED]), Dona María Pardo Pereira (DNI núm. [REDACTED]) e Don Xabier Vázquez Pardo (DNI núm. [REDACTED]).
3. Achégase proxecto técnico (visado colexial núm. [REDACTED], de data 09/04/26) redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
4. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de trinta e seis (36) meses.
5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A ampliación de explotación de vacún proxectada sitúase en terreos clasificados como “*solo rústico de protección agropecuaria*” polo PXOM en vigor.

4. Proxéctase a ampliación dunha explotación de vacún de leite consistente na ampliación do establo e da fosa de almacenamento de xurro existentes, co obxecto de incrementar a capacidade da explotación en 70 prazas de vacún.
5. A capacidade total da explotación, trala ampliación proxectada, será de 170 UGM.
6. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de CIENTO SEIS MIL SETENTA E CATRO EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (106.074,05 €).
7. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
8. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
9. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titulares do predio	[REDACTED]
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Tomo 1059, Libro 105, Folio 71, Finca núm. 14532
Refª catastral da parcela	36047A012002030000PO
Superficie da parcela	19.460 m ²
Uso autorizado	Ampliación de explotación de gando vacún
Superficie ocupada en planta	Existente: 2.659,68 m ² Ampliación: 1.243,20 m ²

10. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).

11. Por Resolución de data 22 de xuño de 2026 do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. [REDACTED]).
12. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
13. O Servizo de Explotacións Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra emite informe en data 23 de abril de 2026 no que manifesta que *“non resulta preceptiva a emisión por parte da Consellería do Medio Rural do informe sectorial previo que recolle o artigo 36.2 da lei 2/2016”*.
14. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
15. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
16. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
17. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANDEIRÍA COTO S.C. licenza municipal de obras para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE, con emprazamento no lugar da Baiuca, parroquia de Vilela, con estrita suxeición ao proxecto técnico (visado colexial núm. [REDACTED], de data 09/04/26)

redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUS MIL CENTO VINTE E UN EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (2.121,48 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CINCOCENTOS TRINTA EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (530,37 €).

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO VINCULADO A ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 3 de xuño de 2026 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrência competitiva, destinadas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais, cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (DOG núm. 110, do 15/06/26), e da conveniencia de optar a dita subvención para a adquisición dun pequeno tractor de segunda man para diversas labores de mantemento e limpeza preventiva dos contornos de vías e camiños municipais, así como para a corta e trituración de matogueira.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención por importe de VINTE E CATRO MIL EUROS (24.000,00 €) para o proxecto denominado “*Adquisición de vehículo para a prevención de incendios forestais*”, cun orzamento total de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde en funcións para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 22 de maio de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (DOG núm. 108, do 11/06/26), e da conveniencia de optar a dita subvención para a contratación de tres traballadores/as mozos/as para a adquisición de práctica profesional en labores de apoio a servizos municipais.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha subvención por importe de CINCUENTA E SETE MIL CATROCENTOS ONCE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (57.411,31 €) para a contratación de tres (3) traballadores/as mozos/as inscritos/as no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, a tempo completo e por un período de nove (9) meses, encadrados no proxecto denominado *“Adquisición de práctica profesional en labores de apoio a servizos municipais”*.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde en funcións para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Raquel Blanco Valladares, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de mestra do Punto de Atención á Infancia (PAI), atópase en situación de baixa laboral por IT, derivada de enfermidade común, dende o día 21 de xaneiro do corrente. En consecuencia, existe a necesidade de proceder á contratación urgente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao obxecto de manter a ratio de persoal na dita instalación municipal e así evitar prexuízos aos/ás usuarios/as da mesma.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2026, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urgente e inaprazable.

Proponse para a presente contratación utilizar a lista de reserva aprobada por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 7 de abril do corrente.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como coidadora do Punto de Atención á Infancia (PAI), mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SORAYA LÓPEZ TABOADA, con DNI núm. [REDACTED] a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 16 e 31 de xullo do corrente, ambos inclusive, en substitución da traballadora Raquel Blanco Valladares.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 30/06/26, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato asinados polo alcalde en funcións en data 07/07/26, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na asistencia técnica ao Concello en materia urbanística á arquitecta (colexiada COAG núm. [REDACTED]) Dona ALEJANDRA FERNÁNDEZ-GAGO LONGUEIRA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio na Coruña, ao prezo de MIL CATROCENTOS EUROS (1.400,00 €) mensuais, máis IVE.

Segundo.- O prazo de execución do contrato será o período de goce das vacacións do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, entre os días 13 de xullo e 31 de agosto de 2026, ambos inclusive.

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- DEZA PUBLICIDADE S.L. 267,41 €

Por confección de placa de metacrilato e carteis, s/factura núm. 260251 (FACe).

- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E.
125,77 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de xuño de 2026, s/facturas núm. 4004713771 e 4004719679 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 15,52 €
Por consumo das liñas de telefonía móbil do Concello, s/factura núm. 28-G6M0-070118 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 143,30 €
Por analíticas de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20262665 (FACe).
- DEZA PUBLICIDADE S.L. 196,02 €
Por subministro de trofeos para a iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. 260249 (FACe).
- FARO DE VIGO S.A. 363,00 €
Por publicidade no diario da iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. 2026F0000989 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 662,29 €
Por subministro de materiais de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000459 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as dez horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)